

Viana do Bolo en festas

O día 11 de agosto arranca a semana das festas patronais de Viana do Bolo. Unha semana festeira onde terán cabida actuacións para todas as idades e para todos os gustos.

Sábado 11. IV festival Xostra. Nesta edición, o cartel está formado por grupos moi diversos musicalmente, pero de gran éxito no panorama musical galego actual.

As bandas que participan son:

MITIC: Banda que se dedica a reinterpretar temas míticos do rock. A diferenza con outros grupos de versións é que en MITIC a gaita leva a voz cantante e é o centro do seu espectáculo. No seu repertorio destacan versións de Queen, Bon Jovi, Sinatra o Eagles, entre outros.

A Banda da Loba: Unha das bandas de maior éxito do panorama musical galego (foi nominada na categoría “Canción do autor” na pasada edición dos premios Martín Códax da Música). Destaca a creación dun repertorio propio baseado tanto en letras da súa autoría como en musicalizacións de poetas. Todo isto, baixo un estilo ecléctico e heteroxéneo que bebe do rock, do pop, do folk...

Liviao de Marrao: “Ska-Punk-Folk-Bravú”, así definen os integrantes deste grupo de Chantada a súa música. Herdeiros do rock máis salvaxe, que mestura nas súas letras a protesta perante as inxustizas co humor e a retransca galega.

Domingo 12. XXXV Xornadas de Folclore. Un ano mais e xa van 35 edicións o folclore internacional dáse cita en Viana do Bolo. Este ano recibiremos en Viana do Bolo grupos de Argentina, Sudáfrica e Bielorrusia. Da man da Deputación de Ourense gozaremos na praza Maior dun espectáculo de tradición, cor, son e músicas.

Martes 14. Festa dos oitenta. Día especialmente dedicado a esa década que ten un especial significado dende o punto de vista musical e cultural. Haberá actividades variadas, mercadiño...

Actuación estelar de: *La edad de oro del Pop español.* Banda que interpreta repasa o mellor do Pop español 80 90 interpretado por Alberto Comesaña, Pablo Perea, Chus Herranz e Joaquin Padilla

E chegamos aos días grandes das festas

Mércores 15. Pasarrúas a cargo da Escola de Música do concello de Viana do Bolo. Sesión vermú a cargo da Banda da Asociación Coral Polifónica Candea.

Tarde noite actuación da *Orchestra New York*

Xoves 16. Día do Patrón. Pasarrúas e sesión vermú a cargo da Banda da Agrupación musical da Limia

Tarde noite actuación da *Fania Blanco Show.*

Lembrar que estas orquestras están situadas nos primeiros postos do ranking de orquestras de Galicia

Venres 17. Gran gala de Circo na rua a cargo de *La Coquette, Inmobile e Brinca Vai*.

Xa vedes que o programa é para non perdelo; para todos os gustos, para todas idades.

Quedades todos convidados a gozar das festas de Viana do Bolo!